



## Cómo poñer un arquivo (apuntes por exemplo)



Para subir un arquivo sexa un pdf, un word ou calquer cousa similar: Engadimos un **FICHEIRO** (caixa da esquerda)




Temos que poñerlle:

**NOME:** Será o que vexan os alumnos, debe identificar claramente o que é (“apuntes tema 1” ou “boletín de exercicios de trigonometría” por exemplo)

**DESCRICIÓN:** É UN CAMPO OBRIGATORIO, EU POÑO O MESMO QUE NO TÍTULO, NIN O MIRAN

**O FICHEIRO** QUE QUEIRAMOS SUBIR: OU ARRASTRANDO Á CAIXA OU CO BOTÓN DE ENGADIR



### APARIENCIA

**PRESENTAR:** MELLOR NUNHA XANELA EMERXENTE PARA QUE NON SUBSTITÚA A VENTANA ONDE TEMOS O CURSO E A PECHEMOS POR ERROR.

### VISIBILIDAD

Se queremos que non vexan o que subimos polo momento (porque por exemplo, imos mostrando os contidos cando rematamos os anteriores, poñemos **AGOCHAR**, se non, **MOSTRAR**)

De tódolos xeito iso cámbiase moi rápido desde o propio curso pulsando en **EDITAR** ao seu carón

Se lle damos a **gardar e volver ao curso** podemos seguir subindo arquivos inmediatamente; se queremos visualizar o que subimos para comprobar que o fixemos ben, **gardar e mostrar**.